

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. VIRXE DA PENA DE SELA
CURSO: 6º
MATERIA: Matemáticas.
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Actividades de repaso, reforzo e recuperación.	
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
B2.5. Decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais. MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
Nova Materia.	
B2.7. Iniciar o uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes. MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións). MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.
B3.2. Operar con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será global e continua, tendo en conta o progreso do alumnado no conxunta das áreas.</p> <p>A avaliación dos contidos traballados durante o terceiro trimestre realizarase a través das tarefas enviadas ao alumnado por distintos medios, prestando especial atención ao esforzo, á participación e á entrega dos traballos plantexados.</p> <p>Estas tarefas incluírán actividades de repaso, reforzo, recuperación das aprendizaxes do 1º e 2º trimestres e ampliación de contidos importantes non abordados durante as primeiras avaliacións.</p>
	<p>Instrumentos: Análise e corrección das actividades enviadas a través de imaxes por distintos medios, ademais de distintas actividades gamificadas a través de plataformas educativas (idoceo, kahoot...)</p> <p>Observación e valoración diaria da participación e traballo desenvolvido.</p>
Cualificación final	<p>Para a obtención da cualificación final da terceira avaliación teranse en conta as cualificacións acadadas na primeira e segunda avaliacións, tendo a posibilidade de mellorar esas cualificacións co traballo e esforzo realizado ao longo do trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades que se realizarán para este 3º trimestre estarán dedicadas ao repaso dos aspectos máis importantes dos anteriores trimestres. Tamén faremos actividades de ampliación sobre contidos relevantes non traballados.</p> <p>Sempre que sexa posible recorreremos a actividades integrais centradas no traballo das competencias clave, actividades con carácter de investigación e de razoamento dos contidos traballados.</p> <p>Tamén utilizaremos exercicios do libro de texto e o anexo de traballo por competencias do mesmo.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o noso alumnado conta con conectividade a Internet, e será a nosa principal vía de comunicación.</p> <p>Ao comezo de cada día colgaremos na plataforma educativa as tarefas e as explicacións correspondentes e o alumnado deberá entregar no prazo indicado, normalmente co envío dunha fotografía do traballo realizado.</p>
Materiais e recursos	<p>Para o desenvolvemento deste trimestre utilizaremos a plataforma educativa EDMODO para achegar as tarefas ao alumnado e comunicarnos con el. Tamén utilizaremos sistemas de comunicación por mensaxes coma whatsapp, email...</p> <p>Realizamos unha videoconferencia semanal co alumnado para explicar o traballo da semana, explicar algúns contidos e resolver posibles dúbidas.</p> <p>A maior parte das tarefas realizaranas na libreta correspondente do curso, nalgúns casos a través de procesadores de texto, e incluso coa gravación de vídeos.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias a través dos blogs do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.